



O Museo de Historia Natural da USC propón unha visita virtual a súa exposición temporal “Epidemias nun mundo conectado”

Santiago de Compostela, 20 de abril do 2020

O Museo de Historia Natural da Universidade de Santiago de Compostela, o 12 de decembro do 2019, case simultaneamente ca detección do primeiro caso da COVID-19, en China, inaugurou a exposición “Outbreak: Epidemics in a connected World” (Abrochos: Epidemias nun mundo conectado). A exposición estivo organizada orixinariamente polo Smithsonian National Museum of Natural History (Washington DC, EE.UU.), en colaboración con diversas entidades internacionais, e contou coa financiación da American Society for Microbiology (a través do seu programa de Embaixadores Internacionais) e a colaboración do Concello de Santiago de Compostela e a propia USC.

Esta exposición foi realizada en conmemoración do centenario da gripe española e respondía a grande preocupación amosada polos científicos e organizacións sanitarias mundiais, polo enorme perigo potencial dun novo brote epidémicos nun mundo tan globalizado. Lamentablemente o temor resultou premonitorio, pois apenas tres meses despois da súa inauguración, o 11 de marzo, a OMS declarou unha nova pandemia, orixinada polo SARS-CoV-2, cas catastróficas consecuencias que xa todos coñecemos.

O Museo quere facilitar agora aos cidadáns o acceso virtual aos contidos desta exposición para que poidan ser visitados a través da súa [web](#) e das súas redes. Os contidos intentan achegar a cidadanía a importancia da investigación en microbioloxía explicando, nunha linguaxe moi sinxela, como os factores humanos, animais e ambientais contribúen á expansión dos brotes (outbreaks) epidémicos nun mundo globalizado, onde os axentes infecciosos se moven libremente entre fronteiras. A exposición axudará a comprender a actual problemática do novo virus SARS-CoV-2 desde unha perspectiva histórica e dentro do marco global das pandemias, o que permitirá coñecer mellor a orixe dos abrochos, como prevelos e detectalos, e as medidas de resposta da poboación e as autoridades sanitarias para frear a súa propagación.